

Autor e Ilustrador: **JOSÉ PARRONDO**

Encadernado en cartón

44 páxinas a todo color. 22x22 cm.

-Galego: "Kenqueoké?"

Demademora. ISBN 978-84-95123-18-3

-Castelán: "¿Kiencomoqué?"

Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-49-9

Prezo: 13 €


KENQUEOKÉ?

Quen acaba de chegar á Terra?

O marciano!

Que cousa importante lle esqueceu na casa?

O sombreiro!



A partir da aterraxe no noso dun extraterrestre que esqueceu na casa o chapeu, preséntannse neste álbum ilustrado unha serie de preguntas sobre que facer para recuperalo. Todas as opciós resultan ser imposibles por algún motivo e o insólito visitante ve cada vez máis lonxe a posibilidade de conseguir o seu propósito. A solución chega por fin cando no prato voante atopa outro sombreiro. Aínda así tampouco consegue resolver completamente o seu problema...

"Kenqueoké?" é un libro baseado no *nonsense* ou *sensentido* co que os lectores poderán dar renda solta á súa imaxinación ante preguntas tan surrealistas como a importancia dun chapeu para os habitantes de Marte.

José Parrondo emprega unha técnica moi sinxela, con trazos de pincel facilmente perceptibles, e que para os pequenos lectores será moi asequible e mesmo fácil de imitar. O artista fai unha tipografía moi semellante á dos nenos cando aprenden a escribir as súas primeiras letras, o que tamén é un aliciente para que se sintan identificados e atraídos polo libro. A cada frase correspóndelle unha ilustración, logrando así que a comprensión da historia careza de dificultade.

JOSÉ PARRONDO

Artista residente en Bélxica. É ilustrador profesional e participou en varias exposicións de pintura realizadas en galerías de París, Liege ou Valence. Tamén é autor de álbums de cómic. "Kenqueoké?" foi un dos seus primeiros libros, editado en 1998. Seguíronlle outros títulos como "Mon oeil" (1999),

"Monsieur Kit" (2000), "Le petit Parrondo 3", (2001) ou "Fernand" (2005).

- **Temática:** *nonsense* inspirado na viaxe á Terra dun marciano
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** textos de frases curtas e sinxelas que se identifican de forma directa coas ilustracións
- **Aplicacións:** astronomía; os lectores poden xogar a identificar as manchas de cores. A contracapa serve como guía, na que teñen claves para empezar con bo pé este xogo:
 - Verde marciano
 - Castaño sombreiro
 - Vermello prato voante
 - Azul espazo

